

PACO SOUTO
POETA GALEGO

“A poesía é un xogo e cada quen ten que buscar a súa maneira de xogar”

Paco Souto (A Coruña, 1962) é coeditor de Letras de Cal e Edicións do Dragón. Onte ofreceu na Praza dos libros de Carballo un recital-presentación baixo o título de “As horas de María”.

—O poemario que presentou en Carballo recibiu o premio “Johán Carballeira”, ¿Que ten de especial para gañalo?

—Pois que o xurado debiu entender que era a mellor. É moi difícil deliberar un gañador en poesía, tería algo que sorprendeu ao xurado.

—¿Que pretende transmitir ao lector?

—Contarlle a historia dunha muller do século XX. Fago un percorrido histórico por este século, pero sen esquecer as intimidades de María, a protagonista. As propias dunha muller moza con desexos e gañas de vivir, a súa vida cos fillos e co home. No fondo subxace un conflito entre a cultura tradicional e a occidental. Vívense situación curiosas como a conversa de María coa tele porque non



Paco Souto

MAREMA

entende que fale soa.

—¿Canto tempo lle adicou?

—Empecei con el nos 80. Nos noventa ofrecéronme editalo, pero non chegou a nada. Devolvéronmo, reescribino e presenteino ao concurso.

—¿En que se soe inspirar?

—Na vida, a poesía é un xogo e cada quen ten que buscar a súa maneira de xogar. Aínda que ás veces propoño un tema.